

CURROS ENRÍQUEZ E O SEU CABODANO
NA PRENSA GALEGUISTA DE PREGUERRA
(DISCURSOS, PROSAS E POEMAS)

Ramón Nicolás Rodríguez
IES n.º 2 – Vigo (Valadares)

Cómpre iniciar este relatorio facendo referencia ao feito de que o meu principal centro de interese é o de rastrexar o eco que unha serie de homenaxes tributadas a Curros obtivo na prensa galeguista de preguerra, nomeadamente nas páxinas de *A Nosa Terra*, as sucintas referencias contidas en *El Momento*, xornal coruñés dirixido por Manuel Luís Acuña, e mais no *Heraldo de Galicia*. Estas referencias contribúen a transmitir a innegábel vivacidade, o fondo herdo que deixou e mesmo a vagarosa transformación en modelo vital e literario que se opera arredor da figura de Curros e as dimensións que esta foi adquirindo para o pensamento nacionalista desde o seu falecemento ata o ano 1936 basicamente, atendendo á presenza, á recordación e lembranza que se reflicte nas abondosas referencias, crónicas, discursos, prosas e poesías suscitadas por estas homenaxes aínda que aquí non as expoña dun xeito exhaustivo.

Sen dúbida, se houber algunha cousa interesante nestas reflexións esta será a exhumación dos textos aos que me referirei, respecto dos cales e por unha cuestión lóxica de limitación só comentarei algúns fragmentos, aínda que a totalidade deles vaian incluídos no apéndice deste relatorio.

Nesta análise, por idénticas causas constrictivas, optei por prescindir do que coido que sería un rendíbel traballo como é o profundamento nas páxinas dunha serie correlativa de números de *A Nosa Terra*, inmediatamente posteriores ao falecemento do poeta en Cuba, isto é, pertencentes á época en que o soporte era un semanario rexionalista fundado no seo do sector galeguista de *Solidaridad Gallega*. Efectivamente aí reflíctese –como tamén o foi nos actos de coroación do poeta en 1904– a auténtica dimensión como poeta nacional e popular de Curros Enríquez a través da fonda manifestación de dó que o pobo galego, e concretamente o

da Coruña, expresou no seu día. Nesa serie, que vai da entrega trixésima, 12 de marzo de 1908, onde se dá conta da súa morte a través da reprodución do cablegrama recibido desde A Habana cun lacónico: “Hoy ocho de la mañana falleció ilustre compatriota Curros Enríquez” asinado por Fuente, ata o número trixésimo-quinto, do 23 de abril do mesmo ano, onde aínda se engade unha crónica da despedida das autoridades cubano-galegas que acompañaron o cadáver de Curros, pódense rastrexar, ademais, documentos de valor inapreciábel tanto desde un punto de vista sociolóxico –a descrición polo miúdo de todos aqueles actos en minuciosas crónicas, a reclamación dos restos, a chegada destes, o velorio, o propio enterro...–, como desde o punto de vista literario ao reproducir numerosos discursos –os de Murguía, LUGRÍS, Filomena Dato Muruais– ou textos poéticos e prosas suscitadas pola morte do vate como os da mesma Filomena Dato, Lisardo Barreiro, Segundo Plá, Avelino Barbeito, Florencio Vaamonde, José de Pazos, Salvador Rueda, Vicente Carnota e algúns máis.

Mais centrándose na mesma publicación pero subtitulada agora “Idearium de as Irmandades da Fala”, dese 1917 en diante e decote no mes de marzo, infórmase daquela homenaxe cívica que se lle tributaba a Curros desde un ano despois do seu falecemento no cemiterio de Santo Amaro, sempre nun domingo próximo á data do seu falecemento. Alí artellábase unha homenaxe cívica iniciada, no seu momento, pola directiva do Círculo de Artesanos coruñés. Logo, trala creación da Irmandade da Fala da Coruña esta institución gozaría dun papel preponderante nestes actos e impulsaría de maneira definitiva esta manifestación outorgándolle unha orientación claramente reivindicativa.

Deste xeito, no número 12 da segunda época deste boletín nacionalista baixo a dirección de Antón Villar Ponte, con data do 10 de marzo de 1917, é cando por vez primeira se lembra o cabodano do poeta, nunha breve nota sen asinar pero moi significativa na liña de asumir os valores, a conduta, a obra, mesmo a ideoloxía currosiana como plenamente operativa no ámbito das Irmandades. O texto, baixo o título “O aniversario da morte de Curros” (p. 5), di así:

Pasou un novo dend'a morte do gran poeta, que se fai mais grande canto mais tempo pasa. A do sete de Marzo é unha data de loito pra Galicia.

¿Pra que profanal-a sua memoria con louvas adoito semellantes? Suas milliores louvas son os seus libros. Lér os seus versos, e poñer en acción suas nobres arelas, é canto nos cumpre ôs bos galegos.

Os hirmans da Fala, somol-os seus únecos testamentarios lexítimos. Somol-os cabaleiros do Santo Graal do galleguismo. Sómol-os que non lixamos a sua memoria, cando nos lembramos do mestre.

Coma él pensamos da nosa fala:
 “Ti non podes morrer... ¡Eso quixeran
 Os desleigados que te escarneceron!
 Mais ti non morrerás, Cristo d'as linguas;
 Non, ti non morrerás, ouh Nazareno!”

Nós, coma Curros, dicímoslles ôs bos galegos:
 Ladrade, mordede, ride
 Onde haxa virtú, bicade;
 Onde haxa vicio, feride.

Un ano despois, na entrega dos números 47-48, correspondente ao 10 de marzo de 1918, cando o pasamento de Pondal se producira había un ano no mesmo mes de marzo, son tres os centros de interese que suscitan, agora, as figuras de Pondal e Curros. Na páxina segunda son dous textos. No primeiro, baixo o habitual “Cadro branco”, insírese unha nota en que se insiste na idea xa deseñada anteriormente, isto é, as Irmandades como testamentarias “ideolóxicas” dos autores do Rexurdimento:

As “Irmandades da Fala” son as lexítimas testamentarias da vountade de Curros e Pondal.

Elas defenden e propagan o que cantaron o autor de *Aires da miña terra* e o autor de *Queixumes dos pinos*.

Elas teñen a obriga de rendirlles homenaxe a entramos fixadores e gardadores do noso idioma.

Elas cumpren coma conscentes e boas ô relembra-lo aniversario da morte dos nomeados poetas *en galego*.

Tamén anonimamente insírese unha longa prosa na mesma páxina so o título de “No aniversario de dous poetas. Curros e Pondal”. A longa reflexión resulta ben significativa por deixar translucir unha visión, seica singularizada e moi persoal, pero que sen dúbida convivía con outras na época, respecto das dúas figuras. Nela ofrécese un evidente posicionamento a prol da obra pondaliana, argumentando que Curros presenta unha maior permeabilidade, estética, ideolóxica e mesmo lingüística a outras influencias, alén de cantar as excelencias pondalianas como modelo de enxebreza. Repárese, así, nestas afirmacións:

Curros nascera ô seu tempo; Pondal nascera “póstumo”. Por iso Curros é popular como x’ó era en vida. Por iso Pondal –intraducible a ningunha lingua estrana– somente é gustado pol-os homes d’esprito algo fino.

(...)

... Curros non foi bardo d’intuicións primitivistas, produto direuto da terra que na terra viveu sempre com’o pino, e â terra devolveu sempre a sua esencia; Curros non foi o poeta envolteito de cote no mantelo esgrevio da alma da raza. Curros, bohemio, aventureiro, infruido pol-as ideas moitas veces falsas, do século XIX, recolheu na sua poesía civil ecos de total-as terras e reflexos de total-as escolas en boga. E si ben é certo que moitas veces asemellóuse a si mesmo –quere decire que foi un vate galeguísimo– outras, en troques, obríganos a lembranzas e comparanzas que poñen somas na sua obra.

Coma versificador quizais sexa o primeiro de Galicia. Pro en Curros, con sere enxebre, non s’atopa a fonda enxebreza que en Rosalía, en Lamas e en Pondal.

Curros pódese traducire sin incomenente algún. Os outros tres vates nomeados, non. En Curros, ademais, latexa o sectario de cando en cando, e según dixo Carducci –cantor do demo coma Curros– o sectarismo abafa a beleza. (...)

Pro Curros non presinteu –inda levándoo na y-alma– o nazionalismo galego. Presinteuno millor Lamas; presinteuno millor tamen Rosalía.

Por último, na páxina sétima do mesmo número, recóllese un poema asinado por N. Vidal Pita (cfr. apéndice, texto 1), enviado, conxecturo, desde Holguín (Cuba) e que, curiosamente, resul-

ta un contrapunto argumental precisamente á exposición dominante na prosa anterior. O texto, non demasiado significativo pola súa fortuna estética, éo por evidenciar esoutra visión que transloce, dez anos despois da morte de Curros, a lousa de silencio e de inxurias que contra el se erguen. A segunda estrofa di así:

Tes moi probe leito
n-o teu niño patreo...
Tí non lle roubaches
o pan a-os escravos,
nin deixache n-a terra un regueiro
de sangue, de loito, de morte, d'espanto,
e non che levantan
menumentos altos;
xa non te recordan
n'aquel rinconciño que quixeras tanto...

Un ano despois, isto é, no número 83 do 15 de marzo de 1919, ampliase por vez primeira esa homenaxe á figura do músico e catedrático da Escola de Belas Artes da Coruña e logo personaxe de vizosa actividade no Centro Galego da Habana, José Castro González, Chané, que morrera no ano 1917 coma Pondal. Deste xeito, aínda sen facer referencia ao acto cívico, que probablemente realizaría o Círculo de Artesanos pero se cadra sen a gran transcendencia social nin a dimensión galeguista do evento, insírese unha nota reivindicativa baixo o título “In memoriam. Curros, Chané e Pondal” que di así:

O tempo non'os fai esquecer dos nosos ilustres mortos. A lembranza de Curros Enríquez, Pondal e Chané, finados en datas cercanas â de hoxe, vive nos nosos corazóns e vivirá de cote.

Curros e Pondal en versos inmortás, porque refrexan o sintire d'unha raza e Chané en melodías cheas de dozura e de deixe popular, fixeron e facerán que latexen sempre as nosas almas pensando na Terra.

Os de Curros, Chané e Pondal son nomes groriosos, nomes cheos de luz que alumean o camiño callado d'espiñas, acochadas baixo as rosas do entusiasmo e a fe, que vimos ripando os galeguistas; os que

nos temos decatado de que, no trunfo dos ideás do nazonalismo, alenta a liberta da patria asoballada.

Os fariseos que din amaren a Curros, Chané e Pondal sendo inimigos do idioma que eles idealizaron, nada teñen que facer n'estas datas de lembranza triste. E si os mortos groriosos volveran á vida, seguriños estamos de que farían tremar a tralla pondo roxas as costas dos que queren ¡imbéciles! unha Galicia sin galego, unha Galicia sin alma.

No mesmo número, máis interesante e significativa resulta unha colaboración que baixo o título “Os precursores. Curros Enríquez” asina o xornalista e poeta Roberto Blanco Torres (cfr. apéndice, texto 2). Alí, tras subliñar a relevancia que, baixo o seu punto de vista, posúe o aspecto biográfico neste autor, artella un comentario verbo da ética nas actitudes e no comportamento no tempo de Curros, un exercicio de palinxenesia como ao cuntese lle gustaba dicir, sen esquecer unha severa crítica para as autoridades do Centro Galego de Cuba, para engadir:

Curros, querendo que na súa Patrea abaneasen os ars de Europa, foi vitima da “máquina escura”, que tira a perpetuare unha organización abominable e noxenta. N-aquel medio, ameñázabao este dilema: ou a cárcel ou a emigración. Non tuvo mais remedio que emigrar. Cantor d'unha nova eira de liberdade e redención, espírito ateigado de ansias de infinito, o máis influído pol-as normas políticas e as correntes ideolóxicas do mundo en aqueles días, o que incorporou a poesía gallega as ideas da Enciclopedia y-a Revolución francesa, facendo do numen unha fogueira e do verso un ariete, tiña que ser perseguido. Y-a persecución no deixou mais alá do mar. Tamén alí, entr'os fillos mesmos da súa terra, os que arelaba redimir da iñorancia e d'unha imbecil fatuidade sostida na razón de catro cartos arrapiñados de calquera maneira, tuvo que seguir a batalla.

No ano 1920 e 1921 as referencias a Curros e á homenaxe que se lle tributa sofren unha paréntese. No primeiro non se menciona o acto, se cadra, segundo un aviso que consta na páxina sete do n.º 114 (31 de marzo), polas dificultades para editar o xornal: “Tivemos a fatalidade de que, por falla d'eisitenzas na Cruña, o

papel no que nos vimos obrigados a imprimir os números derradeiros d'este boletín, fose cativo e impropio d'unha revista". O 15 de marzo de 1921 (n.º 136) reitéranse os comentarios semellantes ao que xa coñecemos e na páxina catro insítese, en prosa cerimoniosa e apaixonada propia de arenga, no enxalzamento das figuras de Curros, Pondal e Chané.

O punto de inflexión nestas homenaxes, ou cando menos na súa dimensión pública, prodúcese no ano 1922, que ademais coincide co nomeamento de Víctor Casas como director do semanario. No número 159 (15 de marzo de 1922) o tratamento informativo que se lle outorga ao cabodano cambia radicalmente. Así pois en portada insírese unha fotografía de Curros, baixo o título "Conmemorando aos nosos mortos" e antes de reproducir poemas de Rosalía, Curros, Pondal, Lamas, García Ferreiro, Leiras, Aureliano F. Pereira, Golpe e Brañas, ao longo de tres páxinas, nunha nota previa pode lerse:

D'este mes de Marzo, no que temos de rexistrar as luctuosas efemérides da perda dos dous grandes poetas, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, fíxose, entre nós, o mes consagrado á lembranza de todol-os mortos fillos da nosa meiga terra e que á ela consagraron os seus talentos para a mais alta glorificación das letras galegas.

Tralas composicións insírese un longo artigo baixo o título de "Un gran día nacionalista na Cruña. O homenaxe a Curros Enríquez, Pondal e Chané. O banquete ós Catedráticos de Santiago". Nesa crónica é onde se ofrece un dato clave como é o seguinte:

Como todol-os anos dende que se fundou a Irmandade acordou esta celebrar con toda solemnidade o homenaxe aos tres ilustres galegos que renderon seus corpos á Terra nai no mesmo mes e que repousan no mesmo cemeterio.

Isto é, desde a fundación das Irmandades da Coruña, ano 1916, e trala morte de Pondal e Chané no ano seguinte, instáurase esta homenaxe cívica que, segundo se deduce da crónica, era

realizada por separado. Pero neste 1922, e reproduzo daquela crónica anónima:

...ambas entidades –Irmandade e Circo d’Artesanos– xuntáronse en fraternal consorcio para facer xuntas o homenaxe. A elas xúntanse tamén con efusión cordial o Concello da nosa Cidade, e o pobo enteiro prestoulle a súa entusiasta e patriótica asistencia.

Comeza aquí unha nova xeira de homenaxes que, ata onde nos consta, chega ata ben entrada a República. Os actos artellábanse, segundo as crónicas do semanario, baixo unha organización semellante que implicaba a moitos sectores societarios coruñeses. Así, adoitábase seguir este itinerario e protocolo: ás doce da mañá saída da comitiva do Círculo de Artesanos, percorrendo diversas rúas, que noutras crónicas se singularizan: S. Andrés, Castelar, Real, San Nicolás e Panadeiras, ata chegar ao cemiterio de Santo Amaro. A presidencia da manifestación cívica constituíana as directivas das Irmandades da Fala da Coruña, do propio Círculo de Artesanos e unha representación do Concello da cidade. A continuación completaban o grupo representantes de centros educativos, como os da Escola Normal, Escola de Comercio e Náutica e outros da cidade con ramos de flores, os coros “Cántigas da Terra” e “Queixumes dos pinos”, representacións do Instituto de Estudos Galegos, da Real Academia Galega; representantes da prensa local, e, no caso do ano 1922, profesorado da Universidade galega. A continuación, segundo a mesma crónica, máis de catro mil persoas, ao paso das cales se repartiran máis de dez mil follas con versos de Pondal e Curros, e finalmente un “landó do Concello conducindo tres grandes coroas da Irmandade, outras tantas do Circo e outras tres do mesmo Concello”.

Á súa chegada ao cemiterio, reproduzo da crónica:

Depois de colocar as coroas e frores nas tumbas dos ilustres mortos, dende o cruceiro que hay no medio do paseo central pronunciaron discursos sentidísimos e elocuentes, de rexo senso nacionalista os Sres. Peña Novo, en representación do Concello;

Casares Quiroga, pol-o Circo d'Artesanos; Lugrís Freire, pol-a Irmandade da Fala, e D. Armando Cotarelo pol-a Universidade de Santiago.

Finalmente tralos discursos, oracións fúnebres e o himno galego, nesta ocasión depositáronse flores no sartego de Tettamancy e, no cemiterio civil, no de Xurxo Parga, membro activo das Irmandades, como anos despois se faría no de Ricardo Carballal. Un posterior banquete dedicado aos profesores universitarios no que tomaron a palabra Casares Quiroga, Correal, Peña Novo e Cotarelo concluíría os actos. A dimensión do día era realmente festiva como se indica na conclusión:

Para que o día fose de cheo dedicado a Galicia, a música militar no paseo, as orquestras dos teatros e dos cafés tocaron todo o día somentes música galega...

Desta data en diante son practicamente semellantes as informacións que se ofrecen, nalgún caso coa vantaxe de reproducir algúns dos discursos pronunciados nestes actos, aos que logo me referirei. Isto é, a homenaxe, baixo a aparencia de se tratar dun acto cultural e de lembranza, mesmo en tempos difíciles como eran as dictaduras de Primo de Rivera e Berenguer, adoito adornábase de fortes doses de reivindicación. Velaí como un ano despois, 1923, a novidade radica en ampliar a homenaxe ás figuras de Tettamancy, Adalid e, tamén, a Murguía, mantendo a liña doutros textos anteriores:

Nós, os nacionalistas, herdeiros direitos d'eles e continuadores da súa obra, teremos sempre no noso pensamento os seus nomes groriosos e no altar da Patria xuramos xá cumprir o mandato que en vida nos fixeron.

O protocolo do acto vaise manter case sempre inalterábel, mudando os persoeiros que fan uso da palabra. Deste xeito, en 1923 foron González Villar polo Círculo de Artesanos e Lugrís Freire polas Irmandades.

Como curiosidade cómpre apuntar que en crónica anónima do número 199, 1 de abril de 1924, recóllense arestora as palabras do presidente do Círculo de Artesanos, Felix Estrada Catoira, pronunciadas diante do sartego de Curros:

Foi él que pol-o visto, según o “autorizado conocimiento” do Sr. Estrada a Curros Enríquez, procesárono pol-a sua poesía “A virxe do Cristal”. Todos coidábamos e así consta en tódal-as edicións de “Aires da miña terra”, que fora por “Mirando ao chan” e a “Iglesia fría”, pero según o sabio presidente accidental da Real Academia Gallega, ¡qué sabios académicos ten a docta corporación!, non foi así.

Naquel acto seguiríano Suárez González, representando ao Concello, e Ánxel del Castillo en nome da Irmandade.

No número 211, do 1 de abril de 1925, recóllese o discurso emitido por Carré, trala referencia á participación, outra volta, de Estrada Catoira representando ao Círculo e a Casás polo Instituto de Estudios Galegos. Carré (cfr. apéndice texto 3) ofrece unha lectura que exemplifica esa autoimposta necesidade de crear e tecer unha mitoloxía, a través da figura de Curros, na que se apoiar para o seu labor de apostolado nacionalista. Baixo a triple perspectiva de agradecer, venerar e lembrar, insistindo na exaltación da lingua, na enxebreza da actividade que levou a cabo, no seu labor redentorista e, como non, tras insistir en que as Irmandades eran as depositarias das esencias destes esforzos, sinala:

A Irmandade da Fala que se creou â quentura do lume sagrado acendido por estes groriosos precursores, que fai do galeguismo un culto, agradécevos que teñades asistido á este acto, e agradeceravos aínda mais que non esquezades nunca os nomes de aqueles...

Segundo crónica do número 223, do 1 de abril de 1926, foron idénticos os participantes que toman a quenda de palabra: Estrada Catoira, Casás –agora como alcalde– e Leandro Carré, de quen se recolle tamén o discurso pronunciado, que pouco varía do xa coñecido, tanto no ton de exaltación coma no referido á reafir-

mación da propia personalidade a través do camiño iniciado polos artistas que estimulan a seguir o labor de rexeneración –“Este homenaxe de hoxe sinifica que Galicia encomenza de novo á *ser*”–. A novidade virá dada pola engádegas informativa que aparece no mesmo soporte e na que se dá conta de que estas homenaxes comezan a se celebrar noutras vilas e concellos. Desta vez dáse noticia dos actos celebrados na homenaxe tributada ao vate celanovés na Alameda de Vigo na que, oficialmente, participaron o alcalde Gregorio Espino, o mestre Víctor Fraiz, Rodríguez Elías e Garra, actos que terían continuidade en anos seguintes no que supón un intento de xeneralizar a dimensión sociolóxica e reivindicativa destes actos en toda Galicia.

En 1927 reitérase a organización do acto coruñés mudando, nesta ocasión, os participantes, fóra do alcalde Casas, que repite a súa presenza. Panisse, secretario do Círculo de Artesanos, e mais Alfredo Somoza, pola Irmandade, foron as novidades. Deste último recóllese un longo discurso dun sorprendente radicalismo ideolóxico en plena dictadura de Primo de Rivera, no que o símbolo de Curros se ergue como imaxe redentora do idioma e da liberdade. Velaquí un fragmento:

...os tempos impoñen a obriga de calar deixando que somentes se escoiten voces pronunciadas nun tono que seguramente non cadran coas ansias ideolóxicas dos galegos a quen es homenaxeamos.
(...) Porque é forzoso mostrar que os mais grandes afás d'estes homes que honran ao noso país foron a exaltación do noso patrimonio que fixa as nosas condicións características, a nosa historia, os nosos costumes, as nosas tradicións, o noso idioma. E xunto con este patrimonio o amor á liberdade, á santa Libertade que é Amor, que é Tolerancia, que é sacrificio, que é respecto pra todo e pra todos...

Con ocasión do vixésimo aniversario do falecemento de Curros os actos de lembranza curriosana revestirán unha nova dimensión. Tal e como se informa no número 247, do 1 de abril de 1928, sen referencias á manifestación cívica que é de supoñer que se celebre, a “Universidade Popular Coruñesa” e mais a Irmandade da Fala convidou, o dez de marzo, a Ramón Otero

Pedrayo a disertar sobre Curros Enríquez no Salón do Círculo de Artesanos. Tras unha longa, calorosa e fascinante presentación de Antón Villar Ponte, o cronista anónimo, tras lamentar a imposibilidade de reproducir integramente a conferencia de Otero, considerada como “formidable disertación... matiz inimitable verdadeiramente cautivador..., expresión enmeigadora...”, recolle parcialmente algunhas intervencións oterianas. As referidas a Curros din así:

Comenza lembrando os seus anos de neno, dos 15 aos 16, en que comezou a iniciarse n'él o intrés pol-a lectura dos poetas galegos decindo como lembraba os seus paseos cotidiáns pol-as rúas de Ourense falando e intresándose pol-o coñecemento dos nosos poetas. Dí que a primeira vegada que veu á Curros foi n'unha botica ourensán, onde se reunían, como era costume n'aquel tempo, os políticos da localidade para falar de todo. Un home de barba moursa, ollar de apóstol, lentes estilo Zola e presenza romántica, era Curros.

(...) Compara a Curros con Victor Hugo e dí que era un verdadeiro apóstol laico cuia lira cantou e defendeu sempre a liberdade humán e por ende a liberdade de Galicia que él vía agriloadada por griloiro administrativo e político impostos dende fora. Dí que Curros era un poeta romántico que viviu o seu tempo de predominio d'aquel sentimento literario. Ao falar do romantismo demostra unha erudición formidabre falando de escritores extranxeiros que se distinguen por ese matiz e di que o creador do romantismo non foi Rousseau como se dí, se non un poeta escocés que foi o primeiro que empregou esa verba n'unha poesía cantando as estacións do ano.

Curros sentíu o romantismo, un romantismo de ampla liberdade e amor â humanidade aparelado con un subríme amor â súa terra (...).

No ano 1929, *A Nosa Terra* (n.º 259, 1 de abril de 1929) volve facerse eco dos actos celebrados en homenaxe a Curros e outros persoeiros no cemiterio de Santo Amaro. Alí falará Xosé Búa Carou, presidente do Círculo de Artesanos, cunha intervención por primeira vez en galego no nome da institución, polo Concello o Sr. Sanz, e Víctor Casas, representando á Irmandade

da Fala, quen iniciará un pequeno ciclo de tres intervencións –anos 1929, 1930 e 1932– celebradas naquel lugar e que aínda se completará cun texto que reproduzo do *Heraldo de Galicia*; temos hoxe posibilidade de coñecer os seus dous primeiros discursos por estaren reproducidos na totalidade e, fragmentariamente, o terceiro. O primeiro, o pronunciado en 1929, mutilado pola censura das autoridades políticas do momento (cfr. apéndices, texto 4) encerra un especial interese pois abre unha nova dimensión que se lle outorga indirectamente tanto aos actos como ás intervencións oratorias, isto é, converter a homenaxe nun clarísimo acto de reivindicación política galeguista. Víctor Casas, así pois, nun agudizado ton reivindicativo e belixerante, logo de aseverar que o labor dos mortos homenaxeados permitiu recuperar a cultura ao sementaren ideas de redención cando a terra “esmorecía angustiada asasinada por maus alleas, e inconscientes maus propias”, vírase axiña a mostrar as dificultades do momento contemporáneo afirmando o “crudo político inverno que padecemos”. Insiste a seguir na idea de viren alí cumprir co testamento ideolóxico dos galeguistas e, conclúe con optimismo, facendo unha profesión de fe, no que cualifica de momento de encrucillada histórica, fundamentalmente na vitalidade da lingua, bandeira e símbolo do galeguismo e do patrimonio espiritual galego como tamén o son as apelacións ao carácter, á raza e aos valores autóctonos.

Nos actos de 1930 (*A Nosa Terra*, n.º 270, 1 de abril) auséntase significativamente o representante tradicional do Concello da cidade e só foron dúas as intervencións consignadas: a de Búa Carou polo Círculo de Artesanos e, como dixeran, outra vez a de Víctor Casas. Na súa participación, este último (cfr. apéndices, texto 5) ofreceu un discurso semellante ao anterior, se couber aínda máis agudizado no que se refire ás expectativas de cambio político que se ventaban. Deste xeito, tras confesar que a súa presenza alí resultaba unha obriga moral, un ofrecer contas, como representante das Irmandades, herdeiras do espírito precursor, e afirmar que os homenaxeados: “Cumpriron co seu deber de bons fillos da terra

verdeciente e ao morrer sabían que a obra por eles comenzada habería de ter proseguimento. Por eso naceron as Irmandades da Fala”, destaca, tamén con idéntico optimismo cara ao futuro, o momento actual que se vive e para o que desenvolve todo un programa de actuacións:

Avecíñanse para Hespaña próximos días de liberdade civil, de saneamento das formas de Goberno, de novos e honrados procedimentos políticos e todo elo repercutirá en Galicia axudándolle a orgaizar a súa propia vida.

Por eso hoxe mais que nunca compre que Galicia enteira dispónase a facer valer os seus dereitos para que lle sexan reconocidos nas futuras normas que non tardarán en rexir a Hespaña.

Ao mesmo tempo que nos preocupamos do desenrolo dos novos valores autóctonos, como a fala, e o sentimento racial, temos que, por virtude da nosa supeditación ao estado hespañol, conseguir d-el concesións políticas que hasta agora non foi posibre conseguir, que nos permitan desenvolver a propia vida de Galicia con todol-os seus aspeitos.

Ese sentimento, esa idea de que a figura de Curros simboliza, definitivamente asentada no imaxinario dos grandes autores do XIX e de plena validez para o XX, un modelo de referencia inexcusábel para un tempo clave no que se albisca un imparábel cambio político democratizador de especial incidencia para as expectativas progresistas e nacionalistas verifícase no mesmo ámbito xornalístico cando o redactor anónimo de *El Momento*, diario galeguista de efémera vida dirixido por Manuel Luís Acuña durante uns días na Coruña, se fai eco dos actos deste xeito (cfr. apéndice, texto 6):

La memoria de nuestro poeta civil se acrecienta a medida que pasan los años y precisamente hoy más que nunca, por razones que a nadie se le ocultan, la obra libertaria, encendida en amor a los ideales de democracia de Curros tiene una actualidad que no puede escaparse a nuestra vista al recordarle, siempre con amor y agradecimiento por su labor inmortal, en esta fecha. (...) Por nuestra parte, al recordar esta fecha no podemos sustraernos a recordar con

emoción la gran figura gallega de Curros nacida para cantar en versos que no morirán nunca la libertad, la democracia y el santo amor a nuestra tierra gallega.

Nestes ecos das homenaxes currosianas cómpre dicir que no ano 1931, co pensamento na inmediatez da chegada da República, correspóndelle a Salvador Mosteiro, por parte das Irmandades, participar naqueles actos (*A Nosa Terra*, n.º 282, 1 de abril de 1931). De novo Xosé Búa polo Círculo de Artesanos e agora o alcalde, o Sr. Asúnsolo, acompañan a Mosteiro, quen articula un discurso (cfr. apéndice, texto 7) xa enteiramente político, de xorne combativo, diante da inminencia daquel cambio de réxime. Deste xeito, fóra de valorar o pensamento dos homenaxeados como “precursor de vizosas realidades que non tardarán en cristalizar”, subliña a realidade plurinacional do estado español e a inexcusable reestructuración que ha sufrir atendendo a estes parámetros diferenciais. No que se refire a Galicia afirma:

¿Que galego hai hoje que, pol-o menos, non esteña d'acordo conque Galicia ten dereito a se regir autonómicamente? (...)

E nós temos confianza, unha confianza fundamentada en feitos indiscutibres, de que non pasará moito tempo en que Hespaña será constituída con arreglo ao mandato imperativo da Naturaleza, e Galicia acadará o réxime de liberdade que necesita para desenrolar intensamente a súa vida particular.

Este é o feito fondamente afagadeiro que compre resaltar no día de hoje:

O triunfo prósimo das ideas generosas dos ilustres galegos que aquí repousan. E tamén o millor homaje que lles podemos render. Continuar con entusiasmo o vieiro que eles nos deixaron trazado.

A derradeira referencia sobre estas homenaxes ofrécea *A Nosa Terra* (n.º 293, do 15 de abril de 1932), xa subtítuloado como “Boletín do Partido Galeguista”, desde a entrega anterior coa que comeza outra etapa. Nun lugar máis discreto infórmase dos actos realizados –de novo interviñeron Búa Carou, o alcalde coruñés e, agora, Víctor Casas–. Deste último recóllese (cfr. apéndice, texto

8), brevemente, nesta que foi a súa terceira participación, as palabras xa de indiscutible matiz político:

Galicia depositou a súa esperanza na República e os pobos non perdoan nunca que se maten as súas ilusións. Si os galegos tivéramos que seguir loitando baixo iste réxime, como loitamos baixo o desaparecido, os galeguistas, seguindo o exemplo dos precursores a quenes homenaxeamos, loitaremos aínda con mais fervor, tendo ademais a axuda d-esas Mocidades que están xurdindo en toda a nosa Terra que veñen a colab[o]rar eficaz e xuvenilmente pol-a redención galega que cantaron Curros, Pondal, Murguía e demais ilustres desaparecidos.

Daquela, ao longo da República, *A Nosa Terra* non retomará a información destes actos ata a súa desaparición en 1936. Se cadra, estes actos non deixaron de se celebrar pero xa eran outros os obxectivos máis marcadamente políticos que acadar e xa non se carecía de tribunas nas que expor a ideoloxía galeguista, malia que Curros e a súa propicia sombra non deixasen de ser un abeiro acaído para o galeguismo. En 1933 o boletín non reaparecerá ata o mes de xuño, e nas entregas dos anos 1935 e 1936 non se rastrea ningunha información sobre a homenaxe. No ano 1934 apenas o lembra un artigo anónimo baixo o título de “Curros” (*A Nosa Terra*, n.º 327, 17 de marzo de 1934, p. 1, cfr. apéndice, texto 9) a medio camiño entre a arenga combativa e o lirismo máis modélico (“Ollos metálicos de visionario, dicen poemas na prata viva das estrelas campesiñas. Os seus cabelos non contan os dedos das constelacións, pero xuntan ao mar e â armonía cósmica con ventos de rebeldía”). Deste xeito todo parece indicar, tal e como Alonso Montero puntualizou, que aquela vella homenaxe a Curros gozará de continuidade singularizada na homenaxe cívica que se celebrou na Coruña o 25 de xullo de 1935, aquel chamado “foro das 17 arengas” que, no seo deste mesmo Congreso, gozará dunha saudosa reedición.

É así como Curros convoca co seu exemplo, desde a súa morte, plataformas cívicas de expresión reivindicativa, de inequívoco ton galeguista, progresista, demócrata e republicano. Velaí,

así, desde eses actos lembrados do cemiterio de Santo Amaro, pasando polo posterior foro das 17 arengas, que queda fóra da nosa atención aquí, e tamén polos numerosos textos, de filiación ensaístico-oratoria que viñemos repasando nas páxinas de *A Nosa Terra*. Con todo, para ir concluindo, cómpre afirmar que tamén hai outros soportes informativos de ideoloxía galeguista que reparan na figura de Curros con certa xenerosidade. É o caso das páxinas do *Heraldo de Galicia*, xornal que recolle o herdo do *Heraldo Orensano* e que foi extensamente estudiado por Marcos Valcárcel (1995). Pois ben, en datas coincidentes co vixésimo terceiro e vixésimo cuarto aniversario do pasamento de Curros, o xornal ourensán dedícalle un xeneroso espacio nas súas páxinas a rememorar a figura e a obra de Curros con textos ensaísticos pero tamén creativos. Deste xeito, no número 244, do 16 de marzo de 1931, na páxina oito, a carón dun debuxo, pouco difundido, de Luis F. Pérez (Xesta) de Curros, e baixo o título de “No vintitrés aniversario da morte de Curros Enríquez”, ofrécese un mangado de textos *ad hoc* debidos a Vicente Risco, Otero Pedrayo e Leuter G. Salgado, ó lado do poema “Encomenda” do propio Curros.

O texto risquiano –incluído na serie “Leria nova” que mantíña no xornal e baixo o título “Falando de Curros” (cfr. apéndice, texto 10)– resulta moi significativo pois compendia e exemplifica a visión que sobre Curros proxectaba o ideólogo do galeguismo. Logo de aseverar que Curros foi un poeta popular, un poeta que trala súa morte viu medrar a súa popularidade, non a súa gloria, reaprópiase do Curros poeta como modelo plenamente válido –non así a ideoloxía que cualifica como “outro cantar”. Curros, segue afirmando o autor de *O porco de pé*, sufriu inimizades debido “ao tempo en que viveu. Tempo imitante a iste d’agora en máis d’un aspeuto”, tal é así que afirma que non sería difícil que Curros se repetira, polo que parece o Curros máis irónico e mordaz de *O Divino Sainete*, para rematar coa súa dimensión de poeta galego como o feito máis destacable e rendíbel:

N-efeito, no fondo de Curros o que hai, é un galego incondicional. Un galego verdadeiro, con verdade metafísica, cabal e íntegra. Un galego válido. Por Galiza, Curros houbera chegado a renunciar aos seus odios, si o houberan deixado. Mais poden mais o odio dos outros.

Ao que non houbera podido renunciar enjamais o Poeta, é a Galiza. E non renunciou. Viveu n-ela, adentro e fora das suas fronteiras. Viveu adentro da i-alma unha Galiza mais pura, qu'a que vivían os que viviron de cote n-ela. Adentro do seu ideal, o qual non lle tira pureza. Viveuna mais galega.

Foi o modo de merecer a popularidade. E mais a inmortalidade.

Por outro lado, Ramón Otero Pedrayo asina “Curros: exemplaridade do momento” (cfr. apéndice, texto 11), no que me parece un texto clave que explica á perfección a causa final da atención sen parangón que a obra e personalidade de Curros suscita desde o seu falecemento, alén da actualidade da súa obra e a súa operatividade para o galeguismo dos anos vinte e trinta. Comeza Otero cuestionándose esa presenza viva de Curros no seu tempo, diante dos outros autores da tríade do Rexurdimento, a resposta é: “...hoxe na intenzón e no xesto, no enxergar dos problemas, no pulso combativo, mand[a] o estilo dos *Aires da miña terra* e os tercetos do *Divino Sainete*”. Afirmación que non lle resta relevancia ás outras voces currosianas alcumadas como “fiestas franqueadas â mocidade eterna da campía e do espírito galego”, para aseverar de xeito rotundo:

lembrárame hoxe as verbas de loita, o berro da redención, o dardo da ironía, o fio da espada xusticieira, o choutar da chama purificadora. Aquiles versos volven a unha autoalidade urxente pois os tempos son de loita e quen non poña o peito na liña de combate será considerado mal fillo da terra.

Velaquí a clave, que xa se viña amosando pero non dun xeito tan nítido e claro, da vitalidade da obra e pensamento de Curros, sobre todo da súa validez como poeta civil, que poetizou valores e actitudes de plena vixencia. Conclúe Otero:

E n'iste aspeuto ninguén lle pode arrincar a lira de Tirteu, que se non diga: son outrol'os tempos. Pois dend'o de Curros ô noso soilo se precisaron e fixéronse mais imperiosas as obrigaciós dos galegos co ideal de Galiza (...) Que se non diga: Curros poeta d'un momento históreco, arieta contr'as muros d'un pasado tiráneco. Recorrendo os poemas de Curros adepréndese a maneira de pôrse en forma para loitar. Foi o vate de total'as enviadas redentoras e agora, cando figura ó alcance da man un trunfo, condiceón necesaria pra outros trunfos mais compretos, os que fagan comprir â Galiza a plenitude dos seus destiños, a rexa disciplina do poeta sempre esperto e vibrante contra a inxusticia e a servidume, imponse coma exemplaridade, e seu verbo outo e lanzal soa no conquerimento das liberdás da terra, con vos de xefe, co prestixio do probado na desgraza e do que endexamais dubidóu da xustiza da causa nin da arela esenzal.

Nesa entrega especial do *Heraldo de Galicia* de 1931 cómpre se referir a unha curiosidade como é un texto en prosa de carácter creativo debido á man de Leuter G. Salgado, primeiro concelleiro nacionalista no concello de Ourense, un dos escasos textos creativos en prosa –coido– do autor ourensán. Baixo o título “Sinfonía de cegos en cinco cadros” (cfr. apéndice, texto 12) artella un cantar de cego en homenaxe a Curros no que o poeta, transformado en personaxe, enrabechado e con ansias de xustiza, recriminalle a San Bieito, no día da súa romaría, que “desentangarañe” non só os corpos, senón tamén as almas..., nunha creación na que xoga con motivos queridos e empregados polo poeta de Celanova.

Para concluír, nas páxinas do *Heraldo de Galicia*, n.º 271, do 7 de marzo de 1932, páxina 2, ofrécese nun titular a cinco columnas: “Oxe 7 do Marzal, XXIV aniversario de Curros” e, a continuación, textos de homenaxe debidos a Salvador Cabeza, Antonio Valcárcel, Lois Peña Novo, de novo Leuter Salgado, Isidoro Guede, Luís Madriñán Neira e, por último, o autor omnipresente nestas angueiras, Víctor Casas.

Sucintamente cómpre sinalar que Salvador Cabeza, quen xa participara nunha ocasión nos actos cívicos do cemiterio de Santo Amaro, ofrece un texto (“Curros Enríquez”, cfr. apéndice, texto 13) de carácter ensaístico, nun rexistro moi coidado, centrando a súa

exposición no que el entende como motivos centrais na vida e obra de Curros, isto é, a liberdade e a terra galega, adxectivándoo como o máis universal e o máis humano dos poetas galegos.

Antonio Valcárcel, autor de *Poesías* (1917) de carácter epigonal e decimonónico e firma habitual en *A Nosa Terra*, nas páxinas *Nós de El Noroeste* ou d'*O Tío Marcos da Portela*, entre outros, ofrece, pola súa parte, o poema “7 do marzal” (cfr. apéndice, texto 14). Un soneto de homenaxe á figura de Curros aínda que de limitado valor estético.

Lois Peña Novo, en “O poeta Rebelde” (cfr. apéndices, texto 15), fai un exercicio de idéntico ton reivindicativo como é adoito nestes que se repasaron e para o que a afirmación seguinte serve de mostra:

¡Sexan as bibliotecas galegas, nosos museos; sexan cerebros os constructores da nosa Patria; e santas rebeldías as nosas armas!

Curros Enríquez foi un conquistador dos novos tempos. Suas rebeldías conqueriron nosos espíritus pr-âs trasformaciós redentoras e democráticas.

Leuter G. Salgado, outra volta, nun breve texto de carácter ensaístico e político titulado “Lembranza” (cfr. apéndice, texto 16), reitera a idea da validez “política” do pensamento ideolóxico e do testamento literario naquela Galicia da ilusionada II República. Pola súa parte o xornalista Isidoro Guede, no texto “Fai anos oxe” (cfr. apéndice, texto 17), constrúe unha lectura peculiar da obra de Curros na que se axuda de fragmentos significativos de poemas que vai comentando para rematar coa constatación de que se a metade dos galegos non leron ao poeta non “pode pensar en libertades”.

Para finalizar, Luís Madriñán Neira, autor de *Arelas irtas* (1930), libro prologado por Otero Pedrayo, publica o texto “N-a fecha do poeta” (cfr. apéndice, texto 18), unha prosa situada entre un lirismo de xorne moi persoal xogando con motivos poéticos currosianos.

Conclúo este relatorio con estoutras palabras de Víctor Casas, quen no mesmo número publica outra prosa titulada

“Falando de Curros” (cfr. apéndice, texto 19). Casas eríxese, sen dúbida, no ensaísta e xornalista que en máis ocasións, desde a tribuna de *A Nosa Terra* como director, desde as páxinas do *Heraldo de Galicia*, como participante nos actos cívicos do cemiterio de Santo Amaro ou como home de pensamento e acción, se pronunciou reivindicando o exemplo currosiano como válido e operativo para o seu tempo. Neste texto non vén máis que a incidir no xa sinalado noutras ocasións por el, isto é, considerar a Curros baixo o criterio de poeta cívico. Coas derradeiras palabras deste artigo seu quero concluír, reivindicando tamén o seu exemplo cívico, como é ben sabido mártir en 1936 polas súas ideas..., ideas que eran as mesmas que el defendía naqueles actos e escritos conmemorativos, que en definitiva eran as de Curros. Di Víctor Casas:

Con aitos púbricos como o que celebra todol-os anos no mes de Marzal o concepto de liberdade e galeguismo vai aniñando fervorosamente no corazón dos galegos de hoxe a quen correspondemos abranguer na súa totalidade o trunfo da idea que Curros inmortalizou nos seus versos que son vieiro luminoso que, como un novo Camiño de Santiago, sinala os vieiros de Galicia do porvir.

APÉNDICE

Texto 1. Vidal Pita, N., “Curros Enríquez”, *A Nosa Terra*, n.º 47-48, 10 de marzo de 1918, p. 7.

Tes moi probe leito
 n-o teu niño patreo:
 n-o chao, entr'as herbas
 durmes sono brando,
 cand'a fama teus cantos mais tenros
 que trinos de páxaros,
 mais tristes q'os ayes
 dos peitos xeados,
 van pro mundo dicindo quen fuches
 tuas queixas contando.

-

Tes moi probe leito
 n-o teu niño patreo...
 Tí non lle roubaches
 o pan a-os escravos,
 nin deixache n-a terra un regueiro
 de sangue, de loito, de morte, d'espanto,
 e non che levantan
 menumentos altos;
 xa non te recordan
 n'aquel rinconciño que quixeras tanto...

-

¡Pobriño poeta!
 Si teu sono prácedo
 deixaras e viras
 os homes que ingratos,
 ¡ay! de novo morreras de pena
 sintindo crebado
 teu peito ferido
 por tristes enganos;
 que non valen os homes as horas
 que por eles vivimos penando

pra darlles alivios,
 por eles sangando
 nos croyos da vida,
 traiciós, desenganos
 recollendo, dos nosos, doores
 e queixan en pago.

Texto 2. Blanco Torres, R., “Os precursores. Curros Enríquez”, *A Nosa Terra*, n.º 83, 15 de marzo de 1919, p. 4.

Pra conocer ben a obra d'un poeta n-hay millor que saber da súa vida. A labor do xenio compreméntase pol-o coñecemento do medio en que se desenrola e d'outras circunstancias que se refiren excrusivamente a súa actuación como individuo dentro das cousas cotidianas, nas que fica de cote un anaco da súa persoalidade.

Este procedimento hay que aplicalo especialmente o caso de Curros Enríquez, cuxa vida e cuxa obra teñen un xeito paralelo e o fin fúndense n'un mesmo valor.

A característica principal de Curros é a rebeldia, tanto mais intresante e dina de ter en conta canto mais apreciemos as realidades do seu tempo. Entón, como inda agora, era unha señal de bon senso seguir a corrente e non profanar as normas imperantes en todol-os seitores nacionais c'unha idea nova, ou non perturbare a ledicia d'unha existencia dina da Beocia, c'unha actitude de disconformidade que foi sempre, n-os que chaman idealistas ou románticos, o comenzo de grandes transformaciós universales. Oxe acontece esto mesmo, porque no camiño do adianto esta Península vai a forza, cando non pode recuar; pro os que teñen unha grande arela, os que soñan n'unha Humanidade mais xusta e ceiba de baixas pasións, n'unha Humanidade que fose cifra de outos conquerimentos y-espello d'exquisita e perfecta civilización, a eses xa non se lles cré, como denantes, xente inquisitoriable e perniciosa: oxe chámaselles *boas persoas*, compatibilizando os sonos da mente c'unha posibilidade de cualidades éticas aceptables: ¡Ouh a xente lista e sensata, como cheira a claudicacións e a pequenos ocultos feitos que se liscaron por entr'as rendixas do Código penal!... Cando falan dos tolos e dos exaltados lémbrense de que no rebaño panúrxico, o sometemento os mais indinos convencionalismos e os métodos reptantes enchen a barriga, anque alma se abafe y-o esprito morra de fame. Conocen moi ben unha ética feita de concepcións cínicas e procedimentos maquivélicos, por debaixo da cal corre a post[r]ema de toda-las abyeccións.

Curros, querendo que na súa Patrea abaneasen os ars de Europa, foi vitima da “máquena escura”, que tira a perpetuare unha organización abominabre e

noxenta. N-aquel medio, ameñazábao este dilema: ou a cárcel ou a emigración. Non tuvo mais remedio que emigrar. Cantor d'unha nova eira de liberdade e redención, espírito ateigado de ansias de infinito, o máis influído pol-as normas políticas e as correntes ideolóxicas do mundo en aqueles días, o que incorporou a poesía gallega as ideas da Enciclopedia y-a Revolución francesa, facendo do numen unha fogueira e do verso un ariete, tiña que ser perseguido. Y-a persecución no deixou mais alá do mar. Tamén alí, entr'os fillos mesmos da súa terra, os que arelaba redimir da iñorancia e d'unha imécil fatuidade sostida na razón de catro cartos arrapiñados de calquera maneira, tuvo que seguir a batalla. Pro a loita era imposible, porque Curros non podía descender a terreos que repugnan as almas nobles, esgrimindo unha armas tempradas nas mais baixas condicións dos homes. ¿Lembrades *A Espiña*? Aquel é o grito da súa alma ferida, o grito a peito descuberto, diante do enemigo, coa grandeza que levan sempre no peito os que levan na fronte unha estrela. Pois aquel grito inda perdura, como un látigo restalante, n'aquela atmósfera da colonia gallega onde aínda oxe satisfán as súas concupiscencias e aparentan ser persoas uns cantos granuxas e uns cantos desleigados, que fan almoneda, aldraxándoo, do nome de Galicia.

Curros foi morto na emigración. Pro morreu enteiro. E inda é preferible morrer en terra allea que vexetar na propia ca y-alma castrada, tendo por toda idealidade unha panza satisfeita. O bardo rebelde dorme no seo da terra que tanto amou. Sólo de morta a súa alma pudo ter unha sorrisa agarimosa e branca...

Texto 3. s/a, “O homenaxe aos mortos”, *A Nosa Terra*, n.º 211, 1 de abril de 1925.

.. pola Irmandade o irmán Carré que deu lectura ás seguintes cuartillas: “Hoxe vimos á este santo lugar onde repousan tantos seres queridos e venerados, como todol-os anos, para rendir un homenaxe, para depositar nas suas campas unhas froles de lembranza, que a sua labor espiritual merez de todo bon galego.

Os nomes gloriosos de Curros, Pondal, Chané, Adalid, Murguía, Martínez Salazar e Tettamancy, non poden ser esquencidos. Toda a obra d'estes mortos venerados que hoxe relembremos foi mais que nada obra espiritual, de afirmación galega, de esaltación da persoalidade da Terra onde naceron e que amaron tanto.

Fala dos meus abós... ti non podes morrer —dixo Curros— proclamándose apóstol da santa causa se por te anunciar me apedrearen jinda ao morrer te mentarán meus beizos!

E coma Curros, tamén Pondal cantou a propia fala; e Murguía escribiu a Historia de Galicia e Chané e Adalid, levaron ao pentágono as páxinas musicais do seu pobo.

É pois este homenaxe de hoxe un homenaxe de agradecemento, de veneración e lembranza a historiadores, músicos e poetas, non por seren as súas obras eminentemente galegas; por daren todo o seu amor e todo o seu talento a súa Terra que foi glorificada por eles, e agora glorifícaa coa admiración e cariño de que son merecentes, amando e venerando os seus nomes como ama as súas obras.

Por seren tan galegos estes chorados mortos a cuíais campas vimos hoxe depositar o tributo d'unhas roseiras, coidamos que nada mellor para os honrar que, ao falar d'les, facelo nesta fala que tanto amaron, que foi a usada por eles nos seus escritos, nas súas composicións, no mesmo agarimos do seu fogar coas persoas máis queridas.

A Irmandade da Fala que se creou a quentura do lume sagrado acendido por estes gloriosos precursores, que fai do galeguismo un culto, agradécevos que teñades asistido á este acto, e agradeceravos aínda máis que non esquezades nunca os nomes de aqueles que como os poetas Curros e Pondal, os músicos Adalid e Chané, os historiadores Murguía, Martínez Salazar e Tettamancy, puxeron toda a súa intelixencia e todo o seu amor ao servizo da causa galega, e procuredes seguir as súas doutrinas.

Que, como dixo o inmortal Curros, dirixíndose ao pobo galego:

Cando consultes Murguía
Paz, Pondal, Añón e Lamas,
E no bico,
As cancións de Rosalía
teñamos sempre, que tanto amas.
¡Serás rico!
Eses nomes teñen virtude:
son estrelas de fagueiro
¡Son a Pátreas!

E a pátria sómente pol-o amor co traballo dos seus fillos pode ser grande”.

Texto 4. s/a, “Homenaxe aos mortos”, *A Nosa Terra*, n.º 259, 1 de abril de 1929, pp. 10-11.

En nome da Irmandade da Fala o noso irmán Víctor Casas deu lectura a unhas cuartillas que decían así:

Vimos hoxe, unha vegada mais, a rendir a xá tradicional ofrenda aos ilustres galegos que repousan n'iste cemiterio. A Irmandade da Fala da Cruña ostentando tamén a representación de todol-os núcleos galeguistas de Galicia acude hoxe, [censurado] como todol-os anos, ategada de fervorosa devoción a sumarse a iste acto patriótico que honra ao pobo cruñés que así sabe pagar a súa débeda con aqueles nosos ilustres homes representativos que adicaron a súa groriosa exemplar vida a cantar en páxinas maravillosas as grandezas da nosa terra. Aqueles homes que sentiron no fondo da súa conciencia de galegos a chamada implorante d'unha terra que merescendo unha vida feliz de gloria e liberdade ía camiño da morte, esmorecía angustiosa asesinada por maus alleas, e inconscientes maus propias.

Pódese decir que o mais grande mérito que tiveron estes galegos desaparecidos que hoxe homenaxeamos foi, mais que o valor inmenso da súa obra literaria, o valor de saber erguerse barudamente para impedir a total desaparición espiritual e aínda material da nosa Galicia.

Esculcando no pasado, ollando con ollada firme hacia o porvir, comenzaron a súa maxistral e nunca ben pagada obra redentora.

A derradeira metade do século pasado foi testigo do traballo d'estes homes que sementaron a terra galega de ideas xenerosas de redención preparando o camiño que a xeneración autual anda a percorrer xa con paso firme e seguro deica o conqwerimento total das aspiraciós galegas. Eles son os iniciadores da nova era. Eles son, como xa en firme ficaron desñados, os nosos precursores.

N'este preciso momento, entumecidos os membros pol-a inercia prolongada que trouxo consigo iste crudo político inverno que padecemos, o mandato imperativo do deber mándanos vir aquí a falar un anaco de tempo cos nosos precursores. Temos o deber de lles rendir contas, unha vez ao ano, da maneira como cumplimos o seu testamento ideolóxico. E a eso vimos. E non importa que o linguaxe que empreguemos teña que [censurado] con sordina. Hai o linguaxe espiritual, que voa ceibe como o noso pensamento, que ao igual que os queixumes dos pinos que cantou Pondal entenderán os *bos e xenerosos* e [censurado].

E temos que lles decir, que a pesar de todo, Galicia está reconstruíndo a súa propia vida. Que nunca como agora vivíuse na nosa terra unha tan forte inquedanza de cobiza por abranguer un lumioso futuro. Que a nosa fala, que Curros dixo non morrería, non somentes non morreu se non que de día en día gana mais prosélitos para a súa nobre causa. Que hai hoxe como nunca unha rexa e ben unida falanxe de galegos que a cotío empregan o propio idioma para total-as cousas do vivir cotidián e para crear unha cultura propia, maravillosa, que xa traspasa os lindeiros das nosas fronteiras despertando preocupación e agarimo en moitos países estranxeiros.

Temos que lles decir que a semente que eles botaron non caeu en valeiro e que cada día que pasa xurden vizosos e novos froitos da patriótica laboura que eles iniciaron e nós andamos a continuar.

Porque non é un segredo para ninguén que o actual estado de Galicia ten moita difrencia co estado en que estaba cando eles comenzaron a loita. O mais cego, o mais recalcitrante nemigo da reivindicación galega pode comprobalo somentes con un lixeiro eixame.

O espírito de Galicia, a alma esgrevia da nosa Patria, rexurde arestora con pulos dinámicos mergullándose no patrimonio espiritual da súa fala, do seu caraiter, de todol-os seus valores autóctonos con unha xenerosa area de reconstrucción. A actual xeneración galega abreu os ollos, decatouse firmemente do que foi, do que agora é e do que pode ser a nosa Galicia e sinte xa no fondo da súa conciencia o convencimento preno de que a nosa terra tén no mundo unha mi[n]sión mais elevada que cumprir que a de ser eterna segundona. [censurado]

E a realidade é ésta: Que Galicia camiña firmemente cara un porvir maravilloso que demostrará ao mundo a intrínseca valía da nosa raza â que actualmente non lle é permitido manifestarse íntegramente.

Así pensamos nós fundados na indiscutible verdade dos feitos de hoxe e así pensaban os nosos precursores profetizando os novos tempos.

¿Que mais temos hoxe que lles decir aos nosos queridos mortos? O único que a eles lles importou mentras alentaron. Que a nación de Breogán despertou xá do seu sono.

Que non o poña en dúbida ningún dos que me escoitan e que, para o ano próximo ao vir novamente a rendir contas diante d'eles poidamos amosrarlles mais grandes realidades de progreso galeguista.

Este será sempre o mais grande tributo que poidamos rendir â súa lembranza. Continuar a obra que eles comenzaron. Lembremos aqueles versos de Cabanillas que dín:

...e que non se diga
que non soupemos
cancelar a obriga
que firmaron co'a Patria os precursores.

Porque ademais n'este momento en que unha nova civilización atlántica regula os destinos do mundo, a Galicia, pol-a súa privilexiada posición xeográfica correspóndelle un gran papel a realizar.

Sería un crime de leso patriotismo e de lesa humanidade desaproveitar ésta hora solemne quizais a mais intresante e decisiva da nosa historia. Seipamos

nós, os galegos de hoxe, inspirarnos na obra patriótica d'istes groriosos galegos facéndonos acreedores ao agradecemento das novas xeneracións galegas e labrando con firmes trazos a indiscutible persoaalidade histórica e racial de Galicia n'un próximo futuro de grandeza [censurado]. Dixen.

Texto 5. s/a, “Honrando aos nosos mortos”, *A Nosa Terra*, n.º 270, 1 de abril de 1930, pp. 6-7.

...Despois diante a cruz dos esquecidos noso irmán Víctor Casas leeu as seguintes cuartillas:

“A Irmandade da Fala representando tamén a todol-os grupos nacionalistas de Galicia e América acude como todol-os anos a este acto a sumar o seu fervor patriótico n'este homenaxe anual que o pobo cruñés rinde aos ilustres galegos que repousan n'este cimiterio.

Vén, como sempre, ategada d'unha fé inmorredora nos destinos de Galicia que os homes a quenes agora rendimos homenaxe cantaron en páxinas xurdias que honran a literatura galega. Cada día mais convencida, de que os anos no seu longo decorrer, endereitan os pasos da vida de Galicia deica un porvir luminoso de liberdade que cada vez está mais perto.

Curros, Pondal, Murguía, Chané, Adalid e outros mais cando a vida de Galicia desenrolábase no medio d'unhas fondas e espesas brétemas souperon a través d'elas ollar ao fondo un horizonte de craridade, un alborexar cheo de ledicia e de vida que anunciaba unha nova Galicia, unha Galicia libre, grande, que poidera figurar por méritos propios no concerto dos pobos que merecen o nome de tales.

Co'a súa visión profética de homes superiores acuciada pol-os latexos dos seus corazóns patriotas viron que nas páxinas da nosa historia agardábanlle a Galicia días de felicidade inmersa, de gloria e liberdade, e uns en verso, outros en prosa e outro no pentágrama entonaron un himno fermoroso cuio balbordo tiña de de resoar eternamente nos ouvidos das futuras xeneracións obrigándoas a seguir con firmeza e dereitura o camiño sinalado.

Cumpriron co seu deber de bons fillos da terra verdecente e ao morrer sabían que a obra por eles comenzada habería de ter proseguimento. Por eso naceron as Irmandades da Fala.

Dixen xa outra vegada n'este mesmo sitio que o acto que hoxe realizamos, tanto como un homenaxe de lembranza aos nosos mortos debía ser un rendimento anual de contas. Vir aquí a lles decir o que fixemos, como comprimimos os seus mandatos. Para elo, deixemos a ún co'a súa concencia.

Os nacionalis[t]as galegos temos sempre a vista de todos a nosa obra da que non imos a falar. ¡Ojalá todol-os galegos sentiran no íntimo da sua concencia a satisfaição que nós sentimos do deber cumprido!

De todos xeitos; dende o ano pasado ao que estamos sucederon cousas en Hespaña que contribuíron e contribuirán mais aínda ao desenrolo do progreso e da liberdade da nosa terra que por agora está suxeta ao rumbo político da península. Todos as sabedes e todos as presenciáchedes.

Avecíñanse para Hespaña próisimos días de liberdade civil, de saneamento das formas de Goberno, de novos e honrados procedimentos políticos e todo elo repercutirá en Galicia axudándolle a orgaizar a sua propia vida.

Por eso hoxe mais que nunca compre que Galicia enteira dispóñase a facer valer os seus dereitos para que lle sexan reconocidos nas futuras normas que non tardarán en rexir a Hespaña.

Ao mesmo tempo que nos preocupamos do desenrolo dos novos valores autóctonos, como a fala, e o sentimento racial, temos que, por virtude da nosa supeditación ao estado hespañol, conseguir d-el concesións políticas que hasta agora on foi posibre conseguir, que nos permitan desenvolver a propia vida de Galicia con todol-os seus aspectos.

Político, económico e cultural.

Unha fonda e patriótica preocupación por Galicia en cada día, en cada momento, e o mais grande e fervoroso homenaxe que podemos rendir aos nosos inesquecibres mortos.

DIXEN.

Texto 6. s/a, “Aniversario de Curros Enríquez”, *El Momento*, n.º 9, 7 de marzo de 1930, p. 3.

Mañana se cumple el 22 aniversario de la muerte del inolvidable poeta gallego Curros Enríquez. La memoria de nuestro poeta civil se acrecienta a medida que pasan los años y precisamente hoy más que nunca, por razones que a nadie se le ocultan, la obra libertaria, encendida en amor a los ideales de democracia de Curros tiene una actualidad que no puede escaparse a nuestra vista al recordarle, siempre con amor y agradecimiento por su labor inmortal, en esta fecha. Este año, como los anteriores, La Coruña rendirá su homenaje anual al gran poeta y al mismo tiempo a otras figuras gallegas que reposan en nuestro cementerio. La Reunión de Artesanos organizará el acto, como siempre y el día de su celebración informaremos oportunamente a nuestros lectores. Por nuestra parte, al recordar esta fecha no podemos sustraernos a recordar con emoción la gran figura gallega de Curros nacida

para cantar en versos que no morirán nunca la libertad, la democracia y el santo amor a nuestra tierra gallega.

Texto 7. s/a, “Homenaxe aos mortos”, *A Nosa Terra*, n.º 282, 1 de abril de 1931, pp. 5-6.

...En nome da Irmandade o primeiro conselleiro irmao Salvador Mosteiro deu lectura a unhas cuartelas que decían así:

“N’esta ofrenda anual que o pobo cruñés rende a lembranza inesquecente dos ilustres galegos que repousan no noso cimiterio, acude, como sempre, a Irmandade da Fala d’esta capital, representando as demais Irmandades e grupos galeguistas de Galicia e América.

Ao longo do correr dos anos, acrecéntase vigorosamente a nosa devoción pol-a obra que estes homes deixaron para ensino e espello das novas xeracións. Día tras día e ano tras ano, as ideas por eles espalladas en libros e outras manifestacións do seu elevado pensamento, van enraizándose intensamente na conciencia dos galegos de hoje, chegando no momento actual a constituir unha seria preocupación que, pódese afirmar, é precursora de vizosas realidades que non tardarán en cristalizar.

Non temos mais que estender a ollada para ver como hoje, na Hespaña, total-as rexións, aínda aquelas que non teñen unha persoaalidade diferencial destacada, xurdeu á vida reclamando o dereito a regirense por sí mesmas; e no debate que Hespaña enteira ten prantexado respecto á futura e nova estruturación estatal, que non tardará en se facer, pois ja non é posíbel que poida por mais tempo vivir fora da legalidade, está d’un xeito vivo e rotundamente categórico, e con unha forza enorme, o problema da autonomía rexional.

Tanta é a forza que estas ideas teñen tomado ja, e andan a tomar de día en día, que ja non’hai partido políteco hespañol que, d’unha maneira mais ou menos sinceira e con solucións mais ou menos radicaes, non teña reconecido esta suprema realidade e a necesidade de lle dar solución. O mesmo d’unha banda que de outra; ahí temos o programa autonomista dos partidos republicanos, as declaracións e traballos xornalísticos das mais elevadas figuras da política hespañola, e aínda ja, como mostra contundente, a decraración do actual Goberno, que estando formado por vellos políticos, até agora inimigos das aspiracións rexionaes, non tiveron outro remedio, ante a forza convincente da realidade, que prometer pór o asunto en vías de solución.

E decir: que o desenrolo intenso verificado nas arelas autonomistas en toda a Península, tivo de ser reconecido, á forza ou expontáneamente, por todos.

En Galicia, naturalmente, tiña que suceder o mesmo. ¿Que galego hai hoje que, pol-o menos, non esteña d'acordo conque Galicia ten dereito a se regir autonómicamente?

As ideas que n'este orde espallaron pol-o mundo enteiro estes homes a quenes hoje rendemos homage de lembranza inmorrente, ideas que as Irmandades da Fala recolleron garimosamente para propundil-as e adaptal-as aos nosos tempos, están hoje de suprema actualidade.

E nós temos confianza, unha confianza fundamentada en feitos indiscutibres, de que non pasará moito tempo en que Hespaña será constituída con arreglo ao mandato imperativo da Naturaleza, e Galicia acadará o réxime de liberdade que necesita para desenrolar intensamente a súa vida particular.

Este é o feito fondamente afagadeiro que compre resaltar no día de hoje:

O triunfo prósimo das ideas generosas dos ilustres galegos que aquí repousan. E tamén o millor homage que lles podemos render. Continuar con entusiasmo o vieiro que eles nos deixaron trazado.

Ogallá no proisimo ano, ao voltar novamente a realizar este aito, pódamos ja vir aquí aureolados pol-o trunfo conquistado. Para que así seja, as Irmandades da Fala agardan de todol-os galegos unha aituación enérgica e persistente que nos permita entón pousar nas campas d'estes inesquencentes patriotas, as frores do trunfo e o latexar ledicioso dos nosos corazóns."

Texto 8. s/a, "Honrando a os mortos. A os devanceiros", *A Nosa Terra*, n.º 293, 15 de abril de 1932, p. 6.

... Noso irmán Víctor Casas, en nome do Partido Galeguista, dixo que con ista son tres veces as que fala no mesmo aito. Baixo a dictadura de Primo de Rivera e baixo a de Berenguer.

Fixo súas as verbas de Búa no que se refire a que a obra de Curros é todo un programa e que efectivamente ise programa consta de dúas partes: Unha, a consecución d-un réxime de liberdade e democracia, está conquistada; mais falla aínda a parte que se refire a Galicia, que por agora non se acadou.

Galicia depositou a súa esperanza na República e os pobos non perdoan nunca que se maten as súas ilusións. Si os galegos tivéramos que seguir loitando baixo iste réxime, como loitamos baixo o desaparecido, os galeguistas, seguindo o exemplo dos precursores a quenes homenaxeamos, loitaremos aínda con mais fervor, tendo ademais a axuda d-esas Mocidades que están xurdindo en toda a nosa Terra que veñen a colab[o]rar eficaz e xuvenilmente pol-a redención galega que cantaron Curros, Pondal, Murguía e demais ilustres desaparecidos.

Remata decindo que as arelas redentoras dos pobos que cobizan seren libres trunfan sempre como tantos exemplos ofrécenos a historia e aínda agora presentamos a Irlanda camiño xá da súa definitiva independencia. E Galicia salvarase pra dar ao mundo os feitos do seu saber, da súa personalidade e da súa cultura.

Texto 9. s/a, “Curros”, *A Nosa Terra*, n.º 327, 17 de marzal de 1934, p. 1.

Niste mes de marzal, o ataúde da Patria encheuse de rosas murchas. Na estilizada curva do mes de marzo, caíron prohombres insiñes en ritmos gnósticos de galeguidade: Murguía, Martínez Salazar, Pondal, Curros Enríquez... O xocundo concerto das divinidades pagáns, un brindis no plural banquete dos mitos, a cóncava gravidade dun salouco fondo. Voz do sangue que redime. Son música de recordos no aniversario distas figuras celtas que toparon a morte no cumio da súa obra galega.

Lembramos a Curros, poeta civil, rebelde, que apostrofa e condena. Alí onde discurren os seus versos, alí sí a beleza poética se estremece. Á ferverza revolucionaria é música liberal, apóstrofe anticaciquil.

Ollos metálicos de visionario, dicen poemas na prata viva das estrelas campesiñas. Os seus cabelos non contan os dedos das constelacións, pero xuntan ao mar e á harmonía cósmica con ventos de rebeldía.

Galicia lineal i heroica paríu un poeta civil. O poeta civil foi Manuel Curros Enríquez. E Curros Enríquez trouxo pra Galicia ares de reconquista. Con trallas de versos tunde os lombos de caciques e tiráns. Con trallas dél deixou un camiño marcado, para seguir con novos alentos e con forzas novas. O camiño da rebeldía. E xa vén, correndo pra recoller o legado de Curros, a mocidade de hoxe que sabe de berros e de estridencias. Non é a “xuventude de sapoo” é a outra “a xuventude de estrelas”. Son os que queren ser. Os que queren facer de Galicia un pobo civil e unha terra culta, con cultura i espírito de seu. Os que queren aforrarlle á súa Patria a vergonza do servilismo e da escravitude.

Poemas de Curros Enríquez, teñen pra nós luces e alboradas. Coa fouce na mán. Cas ruínas que aínda ilustran resoles independicistas nun punto do Valadouro, aló na Frouseira. Matáronla a traición, isa Galicia ecuménica e galega.

Agora niste mes de marzal, imos en procura das armas pra redimila, pra rescatala.

Camiños de rebelión. Versos de Curros.

Texto 10. Risco, V., “Falando de Curros ‘Leria Nova XIII’”, *Heraldo de Galicia*, n.º 244, 16 de marzo de 1931, p. 8.

Curros Enríquez foi sempre un poeta popular. Foino en vida, e a morte non perjudicou á súa popularidade. Falo de popularidade e non de gloria. Gloria e popularidade non solen andaruntas. O de Curros é, n-isto, un caso óptimo.

Tivo Curros os seus inimigos –coma poeta, digo, non coma ideólogo, que é o outro cantar– e aínda os ten. Mais aínda os inimigos discúlpalo, e os seus defectos son apostos non a íl, senon ao tempo en que viveu. Tempo imitante a iste d’agora en mais d’un aspecto. Coma que non sería difizle que Curros se repetira, que se producira agora outro Curros, que reincarnara a súa musa. Cecaís comprira outro *Divino Sainete*.

Teríamos que precurar o porqué da súa popularidade. Moito se ten escrito en col d’íl. Poucas cousas tan atinadas com’as de Julio Sigüenza en *Galicia, cara y cruz*. Alí destaca na persoa de Curros o amor á Terra. N-efeito, no fondo de Curros o que hai, é un galego incondicional. Un galego verdadeiro, con verdade metafísica, cabal e íntegra. Un galego válido. Por Galiza, Curros houbera chegado a renunciar aos seus odios, si o houberan deixado. Mais poden mais o odio dos outros.

Ao que non houbera podido renunciar enjamais o Poeta, é a Galiza. E non renunciou. Viveu n-ela, adentro e fora das súas fronteiras. Viveu adentro da i-alma unha Galiza mais pura, qu’a que vivían os que viviron de cote n-ela. Adentro do seu ideal, o qual non lle tira pureza. Viveuna mais galega.

Foi o modo de merescer a popularidade. E mais a inmortalidade.

Texto 11. Otero Pedrayo, R., “Curros: exemplaridade do momento”, *Heraldo de Galicia*, n.º 244, 16 de marzo de 1931, p. 8.

Por qué n’istes días a lembranza de Curros figura mais presente e viva? Calquer ceibe e pura concencea galega sinte o verso eterno de Pondal i-a súa idea de bardo guiador no eixe da cavilación ou do ensino, en todol’os espíritos hai un tremelocir de sol occidental no orballo das bágoas de Rosalía, mais hoxe na intenzón e no xesto, no enxergar dos problemas, no pulso combativo, mando o estilo dos “*Aires da miña terra*” e os tercetos do *Divino Sainete*. Por riba do ledado traballo barroco, de lenda contada con luxos maxinativos de vos da tradición, ou de retabro dourado pol’os mil soles do agarimo popular da “Virxe do Cristal”, por riba dos belidos paisaxes rechouchantes de niños, de antigas d’augas, de tocatas de gaita no sólpor,

que son na obra de Curros fiestras franqueadas â mocidade eterna da campía e do espírito galego, lembrárame hoxe as verbas de loita, o berro da redenceon, o dardo da ironía, o fio da espada xusticieira, o choutar da chama purificadora. Aquiles versos volven a unha autoalidade urxente pois os tempos son de loita e quen non poña o peito na liña de combate será considerado mal fillo da terra.

Non sería agora oportuno teimar na obra de Curros un análisis dos variados elementos: o pesimismo, a saudade, a tráxica antinomia interna, a servidume do vivir provincial, a infinda esperanza que na i-alma lle cantaba como o vento no mar. Hoxe val Curros como poeta civil. E n'iste aspecto ninguén lle pode arrincar a lira de Tirteu, que se non diga: son outrol'os tempos. Popis dend'o de Curros ô noso soilo se precisaron e fixéronse mais imperiosas as obrigaciós dos galegos co ideal de Galiza profetizada pol'os bardos, dibuxada pol'as rocas, pol'as augas e pol'o roncoso arboredo e a grave colleita, esculturada na psíquis, sufincada na calada tradiceón xerminativa. Que se non diga: Curros poeta d'un momento históreco, arieta contr'as muros d'un pasado tiráneco. Recorrendo os poemas de Curros adepréndese a maneira de pôrse en forma para loitar. Foi o vate de todal'as enviadas redentoras e agora, cando figura ó alcance da man un trunfo, condiceón necesaria pra outros trunfos mais compretos, os que fagan comprir â Galiza a plenitude dos seus destiños, a rexa disciplina do poeta sempre esperto e vibrante contra a inxusticia e a servidume, imponse coma exemplaridade, e seu verbo outo e lanzal soa no conqwerimento das liberdás da terra, con vos de xefe, co prestixio do probado na desgraza e do que endexamais dubidóu da xustiza da causa nin da arela esenzal.

Texto 12. G. Salgado, Leuter, “Sinfonía de cegos en cinco cadros”, *Heraldo de Galicia*, n.º 244, 16 de marzo de 1931, p. 8.

Música de cego. Un telón, un punteiro e unha nena que berra adurmilada: “Quen quêr outra... Unha, un can; duas, tres cadelas!... ¡Quen quêr outra!”

I

Camiño de San Benito de Cova de Lobo, congostra arriba, trepan os romeiros, peregríños da fe. As once da noite... a unha da mañá... as tres... e mais peregríños, tecendo o rosario do miragre. Eiquí un aturuxo; acolá un alalá espantando medos nas tebras. Uns van en percura do miragre; outros agradecel-o xa feito. Choran os miniños entangarañados; dormen nos brazos das nais pelegríñas, os desentangarañados.

Sobor d'unha laxe que está no camiño, a I-ALMA de Curros esculca o rosario de luces acesas, doas do miragre; está caviloso e tristeiro, i-entre dentes rezonga de vez en cando: *inda non pasaron, inda non pasaron*.

II

Xa parpadexa o ceo e a mañá esperta. Os romeiros siguen congostra arriba, suorosos, abafantes, cos miniños nos brazos. Agora son xa as formiguiñas do Santo miragreiro que, en ringuileira infinda, serpentean o monte. A I-ALMA de Curros érguese na laxe, i-en dúas alcandadas traspón a distancia que da Ermida o sopara. O fío abrancuxado da sua i-alma fura pol-o burato da pechadura, que inda senon abrira. O Santo, que o viu, descende surrinte do altar, esquecendo nemigas, e déitalle un bico na *estrela*.

—*Ahí te-los doentes* —rosma encabuxado Curros.
 —*Coitadiños! Qu'el Señor m'axude... Hai moitos?*
 —*Moitos, moitos!... e non viñeron ningún.*
 —*Non te entendo, Poeta; pouco traballo?*
 —*Ven!*

III

Cando o Santo viu aló, o fondo, o inxente penedo de tantos miniños rodeado, somellando sosterse sobor d'iles; cando tanta cristiandade abarcou bulindo ô redor da Ermida, carregadiñas d'ofrendas, ollou pro Poeta e dixo:

—*Ai! Curros, ¡chegache ben!*

A I-ALMA de Curros, que estaba pulsando o bordón da sua lira, estridente e xusticeira, alongou un brazo somellando chegar o infindo, e así d'ise xeito foille mostrando o Santo milagreiro, lugares, vilas e cibdades... Cásique tod-â Hispania. Diante tal esputáculo esbaíasenlle as forzas ô Santo. Agarrouse o Poeta e rezoulle tristeiro os oubidos:

—*Ai, Curros, querido; ¡cánto entangarañado, cánto entangarañado!*
 —*E perciso curalos, Benito.*
 —*Non podo, nono!... Tangaraños nas almas!...*
Non podo! Somentes corpos sano.

IV

A I-ALMA do Poeta sumíuse n'un canto gregoriano. Badeladas a morto soaron dende a cibdade ô agro, e das cordas da súa lira sa[a]en chorros de salaios. Olla pro Santo milagreiro, i-o vel-o, co aquel aire seráfico, mirando pro penedo, inquire:

–*Qué miras?*
 –*Coitados! Pra tanto miniño entangarañado.*
 –*Qué pensas faguer?*
 –*Curalos.*

O bordón da súa lira soa axigantado, pulsado pol-a I-ALMA ceibe do bardo:

–*Curalos hoxe para vel-os mañá entangarañados?*
Si non has de cural-as almas, Santo Solitario,
non seas ciruxano. Déixaos que morran ou mátaos!

V

A I-ALMA de Curros, en ás da súa musa rebelde, voou hastra o infinito, enrabechada.

O Santo miragreiro, o Santo solitario, trepando pol-o graderío do altar, iba escramando: *Ouh! Curros, Poeta, ti tamén es un Santo!*

Logo, pausado, xa na cume do altar, ollou pro penedo e dixo pra sí: *Coitados! Canto miniño entangañado... Coitados! Deixalos que cheguen pra desentangarañalos!*

Música de cego e unha nena que berra adurmilada:
 “*Quén quêr outra... Unha, un can; duas, tres*
cadelas... Quén quêr outra!”

Texto 13. Cabeza, Salvador, “Curros Enríquez”, *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

Cándo terá o noso Curros Enríquez, aquel gran poeta esquirtor, que co mesmo señorío outo e incontastabre dominou a lingua galega e castelán, o

estudio acabado de qu'é meresciente como unha das mais escelsas figuras do noso ceo literario. A vida d'aquel incorrexible enamorado da xusticia e do ideal, está por esquirbir: da súa inxente labor no libro, e sobre todo nas follas diarias, tan soilo pequenos anacos conocemos. E o pouco que d'unha e d'outra sabemos, fainos cubizar, con ansias vivas, conocer por comprobante as andanzas d'aquel espírito feito de amor e de lús; os encontros qu'o corazón do poeta tivo e a triste realidade; as loitas, rebeldías e desenganos qu'encheron a súa existencia, hastra que caeu, rendido por titánico esforzo, nas eternas sombras do sepulcro.

Aquela musa qu'alentou en Curros, viveu sempre n'a rexión das águas, bañándose n'a lús dos subrimos ideás amados, hastr'a idolatría, pol-o poeta. Dous foron os grandes amores qu'encenderon a ispiración de Curros: a libértá e a terra galega. Eles errincaron patéticos acentos, tremendos apóstrofes, máxicas armonías, â sua lira: Nos versos adicados â terra, palpita enteira nosa rexión c'os seus doces aromas, c'a sua lús branda e soave, c'os encantos do seu chan feiticeiro: n'èles;

dend'as frores que anoite abren o cális,
como un amigo a outro seus secretos;
dende a volveretiñas ôs rousinoles
e dénde d'a muller hastr'o luceiro,
todo alí chía, soa, zumba, canta;
todo ten voz e musical acento...

Pro a musa de Curros poucas veces canta doce e mimosa. Ferida pol-o espeutacro das inxusticias qu'atopa de cotío no seu camiño, érguese indinada e trona contra todos cantos asoballan corpos ou concencias. Mónstrase entonces d'unha impracrabre hostilidá pr'os verdugos e opresores: n'eses momentos a pruma do oeta convírtese en tralla, en espada, en maza, que azouta, corta, esmiola, sin trégolas nin piedá.

E sin dúbida Curros o máis *universal*, o mais *humano* de cantos poetas esquirbiron en galego: é tamén o que máis se deixou infruir por ispiraciós estranas â poesía. Pro nunca s'esqueceu da sua terra, cando mais lonxe creérase d'éla: cando arrastrado pol-o *demo* da política, qu'âs veces consegue desvialo do camiño reuto, parés que vai a caer na triste idea de facer algo que cheira a manifesto ou proclama eleutoral, o amor ô terruño faino volver en sí e arrédao da impura tentación.

Que nada protexe na vida, como un amor *celestial*, *verdadeiro*.

O que tivo Curros á Galicia, foi, como debe ser en todo peito nobre, fervente adoración. Por eso o nome do gran poeta, trunfante das tenebras da morte, vivirá no afeuto e no recordo dos galegos, mentres alente a nosa terra, mentras non se borre por comcreto o espírito e o nome de Galicia.

Texto 14. Valcárcel, Antonio, “7 do marzal”, *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

7 DO MARZAL

“Nouturnio”

Corrían tempos de invernia brava...
Era o ceo unha vouta de negrura,
e na terra, cal n-unha sepultura,
unha raza de ilotas descansaba...

Sobre do pobo, a lei que o escravizaba;
sobre das almas, servidume escura...
Os trabucos roubaban a fartura...
e a Pauliña as concencias encravaba...

A campía deixara de dar frores,
voaban pol-o espazo sóio os corvos
e fungaba nas albres o trebón.
Unha alma acesa en tráxicas delores,
alzou os puños cara os ceos tornos...
Era o vate inmortal da maldición...

Texto 15. Peña Novo, L., “O poeta Rebelde”, *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

Non é ésta a primeira. Mais veces xá rendinlle en público meu fervente tributo de aceso galeguismo, porque sua obra foi moitas veces xermolo dos meus entusiasmos e das miñas carraxes; porque sua obra enche de pasión como Rosalía enche d'emoção.

Non son crítico e meu xuício ningún valor poide têr; mais pra mín penso e sinto que foi Pondal o noso bardo, o de verbas proféticas e acentos apostólicos; Rosalía a nosa Santa das santas indinaciós desesperadas, a dos tristes e fondos sentimentos, a dos irremediables fatalismos, desconsoladoras resonancias d'unha desesperación esteril e impotente. Curros Enríquez foi o noso rebelde, o das triadas fungantes, o inadaptado e inadaptabel n-aquela Galicia, onte e oxe sempre excrava de catro caciques porcos, adiposos, inmorales e analfabetos.

Foi o noso Rebelde e os rebeldes son os conquistadores do porvir. Un pobo sin rebeldías é un pobo sin ideaes, porque todo idealismo é rebeldía: é aspirar â superación constante de total-as correntes civilizadoras. Todol-os pobres mansos sucumbiron; como sucumben os tuberculosos; porque mansedume é ianición espiritual, como material é falla de vida.

Nos campos de batalla da vella Europa quedou enterrado o dereito de conquista. Acabáronse, pois, as conquistas territoriais, oxe un pobo que queira ser grande terá que adicarse âs conquistas espirituais, âs dos ourizontes inacabables e d'aspiraciós infinitas.

Según desapareceu a escravitude desaparecerá o dereito da forza que fixo da Europa culta un viveiro de bayonetas. E dos moimentos guerreiros, e das estatuas ecuestres e bizarras que pra sua lembranza ergueu unha humanidade escrava, a nova humanidade saberá faguer un museo de todol-os bandidos que quixeron converter o mundo n-unha horrenda sociedade de latrocinios e matanzas.

Nosa vella Hespaña somente tén orgulo das suas conquistas indianas e africanas; é triste remozar seu apoucado espritu ô son de acesos couplets guerreiros. ¡Sexa o orgulo da Galicia a conquista das fecundas parcelas espirituais e dos groriosos principios civilizadores!

Outras patrias teñen longa proxenie de monarcas, héroes e guerreiros; seus museos amosan espadas, armaduras e trofeos. ¡É íse é o tesouro intanxible e sacro da unidade da patria!

¡Sexan as bibliotecas galegas, nosos museos; sexan cerebros os constructores da nosa Patria; e santas rebeldías as nosas armas!

Curros Enríquez foi un conquistador dos novos tempos. Suas rebeldías conqueriron nosos espritus pr-âs trasformaciós redentoras e democráticas.

Por iso eu lle rindo, como todos debemos rendirlle, sentido tributo de aceso patriotismo. Porque il foi o noso Rebelde, conquistador de novos conquistadores.

Texto 16. G. Salgado, Leuter, “Lembranza”, *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

Outra vegada mais hay que lembrar a Curros. Lembrar a Curros cada ano é tanto así como decirlle ás xentes quen é Curros, quen foi Curros. Nós, os que o lembramos a cotío, sentimos tristura da data: non pol-o home que fixo o gran viaxe, sinon pol-os que non souperon ou non quixeron escoitalo; pol-os que inda hoxe, en prena renovación, non saben atexar o camiño sinalado pol-a lira do gran poeta. Hoxe que Galiza ten unha forte, ou pol-o menos numerosa representación en Madrí, o bordón do Poeta zoaría tremante, batería nas i-almas desleigadas –ou desgaleguizadas– co xeneroso ímpetu de que foi sempre capaz. Entón o glorioso Curros sería outra vez un prove (*sic*) todo, ou un mal hespañol ou un... “galeguista”.

Nós sempre temos fe no porvir. O mesmo que íl. E como íl sementamos hoxe pr’â Galiza de mañán, pr’â que xa escomenza a frolecer, a pesares das imensas poulas que sobre d’ela penduran, ou pendonean –pendón– guía.

¡Unha vegada máis!

Texto 17. Guede, Isidoro, “Fai anos oxe”, *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

Fai anos oxe, amigos, que fuxíu de nós. Eu non sei se houbo home que tivese a i-alma forxada n-un temple tan admirábel. Si non-o conocérades sería cousa de vos contar sua hestoria, sua triste hestoria, pro eu coido que sabedes d-abondo quen foi, cómo foi.

Galego e poeta. Poeta co-a tenrura galega e co instrumento de maravilla da fala galega. Vel-ehí como Curros pido faguer sua obra, sua imensa obra. Foi home que sintiu i-eispresou o que sintía co-a sinceiridade con que sempre obrou. Esí topamos na sua obra, xa un queixume suave, xa o peito desbordando tenrura, xa, de súpeto, o berro rebelde de liberación.

Teño unha corda muda
na miña lira torva,
com'un coitelo fera,
com'un tronido rouca.

*

Castigos pr'os verdugos
pr'os mártires coroas,

consolo pr'os escravos
latexa n-esa corda.

Vel-ehí o Curros xusticieiro, farto das iniquidás do seu tempo; como todo perseguido por un negro destiño, vivíu pidindo xusticia, cando a xusticia:

Triadas, miñas triadas,
que levades os tres fíos,
das frechas envenenadas.

Miñas triadas valentes,
¡rachade os aires fungando
como fungan as serpentes!

Ladrade, moderde, ride:
onde haxa virtú, bicade;
onde haxa vicio, feride.

A veira diste arranque en que o espírito é todo íl a “corda rouca” hachámolo no intre máis amargo: na morte da súa nai. Y-entón a súa i-alma desfrórase coa amarga resinaceón, pedindo acougo, achego, a súa mesma malencunía que o funde no door:

Doce malencunía, miña Musa,
do meu espírito noiva feiticeira,
¡deixame que hoxe no teu colo dorma
sono de pedra!

Nunca, reiciña, nunca como agora
fixéronme os teus bicos mornos;
¡choveu por mín chuvia de sangue, e trayo
frío nos osos!

E cantas facetas quixéramos buscar, atoparemol-as dabondo, porque quen sofríu o que íl, ten á forza que tér chorado, berrado e pregado. É sempre pregou por Galiza; porque pra íl non pregara enxamais.

Galiza débelle moito a Curros. As letras galegas débennlle moito a Curros; mais vivimos n-un pobo en que é moi fácil que a metade dos seus fillos non coñozcan a obra d-iste imenso poeta; e non-a coñecendo non se pode pedir as

i-almas que vibren co-a “corda souca” que o poeta nos dixera; e mentras isto sexa así, non se pode pensar en liberdades.

Lectura da obra de Curros na que se ilumina por fragmentos significativos de poemas que vai comentando para rematar coa constatación de que se a metade dos galegos non leron ao poeta non “pode pensar en liberdades”.

Texto 18. M. Neira, Luís, “N-a fecha do poeta”, *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

O Marzo calado e choroso, recibe a última ollada do poeta; e nos seraus a sua morriña saudosa, escóitase sua voz que nas verbas duces da lingua romance, falan suas rebeldías, que como un aturuxo doído, escrama:

“¡Déixame que hoxe n-o teu colo dorma
Sono de pedra!”

Xa o tempo s-alumeaba c-os fachizos mornos. Nin as brétemas do mar, nin o trebón na serra, mostraban suas arrogancias. O gris d-as tristuras empaña a paisaxe galega; e o Sol comprimíndose n-un outeiro, negou sua luz..., e nun atardecer eterno a terra axexante, lanzou oubeos da sua resiñaceón, loubando da tua obra, ea eideia fermosa de esforzo románteco, o poema póstumo da liberdade.

O día triste escoitou na sua alborada os salaios d-os teus; e o sapo amigo, faguía na escramación chorosa do seu canto a decatada lembranza de sua inmortalidade.

O espírito de Galicia, fuxío pol-o ventanal do atlántico, recitando as triadas de seu desahogo lírico. E nos albores mariñáns de Finisterre, hastra a alba neve de Queixa, tremeu sua duce voz folgándose no recitar d-“O Divino Sainete”:

“Sinto n-o peito os afogos
Que parece que me morde
Sete ducias de cans dogos”.

Xa o poeta, reconecía a propia potestade céltica, no sentido potencial do verbo sinfónico da sua obra, que dictaba as melancolías arelantes do pobo, mostrando no linguaxe o misterio dos seus poemas: musa humana que fala cantando e canta falando.

Chegan sonoros e pentagramados os redobles do tambor algareiro, acompasando nas suas melodías o gaiteiro de Penalta, muñeirizando no seu

son as anseas d-unha raza, o desexo d-un pobo. O fol patentiza as pretensións das suas notas no fungar alxebraico d-as adoutadas estrofas do poeta. E mentras a voz treme o pobo impasibre cala, i o poeta..., o poeta morría!!... E nos laconismos da tocata, a gaita sona co-a sordina, e chora, e vai decindo as estrofas humanas da súa obra cumbre, mostrando a Galicia, na definición esquemática, nunpoema de sentimentos, de nostalxias: tgapiz recamado d-as iluminacións cerebrales, pol-a ansia futura da liberdade.

Texto 19. Casas, Víctor, “Falando de Curros”, *Heraldo de Galicia*, n.º 271, 7 de marzo de 1932, p. 2.

O pobo cruñés onde reposan as cinzas do noso poeta fai todol-os anos no aniversario da súa morte unha procesión cívica co oxeto de colocar na súa campa uns ramilleiros de froes que son como a perduración da lembranza do inesquecible e rebelde poeta. Iste aito ten ademais un carácter de lembranza aos galegos ilustres precursores do actual rexurdimento galego.

Fai anos expuxen a idea de que todol-os pobos galegos especialmente as captaes deberan facer aitos semellantes conqueríndose así a unión do sentimento galego n'unha lembranza inmorredeira aos nosos homes representativos que sexa ao mesmo tempo unha cobiza xenerosa que inspiran a actuación patriótica d'aqueles galegos egrexios. Ourense, patria de Curros, non deba estar ao marxe d'iste efemérides.

Hoxe, que rixen os destínos dos orgaísmos políticos da Galicia homes que teñen de contaíto con Curros o ideal de liberdade, deba acoller a idea e comenza a lle dar forma que prive pra sempre. Que as xeneracións vindeiras adeprendan a venerar a lembranza dos nosos homes e adequiran así a preocupación de incorporar a súa aitividade ao ideal subríme que foi guión do paso de Curros pol-o mundo. Un ideal que en parte está abranguido anque esteña na aitualidade loitando por conquerir a súa definitiva consolidación.

Liberdade e galeguismo. Eis o pensamento de Curros que os galegos de hoxe temos de seguir como o millor homenaxe a súa lembranza.

Con aitos públicos como o que celebra todol-os anos no mes de Marzal o conceito de liberdade e galeguismo vai aniñando fervorosamente no corazón dos galegos de hoxe a quenes correspondemos abranguer na súa totalidade o trunfo da idea que Curros inmortalizou nos seus versos que son vieiro luminoso que, como un novo Camiño de Santiago, sinala os vieiros de Galicia do porvir.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, X., “Dezasete oradores na Coruña”, *La Voz de Galicia*, 25 de xullo de 2001.

Valcárcel, M., “Luis Madriñán Neira, o autor esquecido”, *La Región*, 4 de xuño de 2000.

Valcárcel, M., “O galeguismo en Ourense: o ‘Heraldo de Galicia’ (1930-1936)”, en *A cidade da xeración Nós*, Ourense, Caixa Galicia, 1995.

VV.AA., *Diccionario da literatura galega. I Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.

VV.AA., *Diccionario da literatura galega. II Publicacións periódicas*, Vigo, Galaxia, 1997.